

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 7 de xullo de 2020 pola que se habilitan electronicamente os procedementos administrativos de prazo aberto do órgano competente en materia de Calidade Ambiental e Cambio Climático desta consellería e se habilitan na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Advertidos erros na orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 198, do mércores 30 de setembro de 2020, cómpre realizar as seguintes correccións:

Na páxina 37721, artigo 3, epígrafe III, onde di:

«III) Comunicación inicio de actividade de planta móbil. (MT201C) A documentación necesaria para a tramitación deste procedemento é a que se especifica no anexo III da presente orde; isto é:

- Memoria de medidas protectoras e correctoras do lugar da instalación.
- Certificados de destino dos residuos e/ou información de destino dos produtos.
- Acreditación da representación legal da entidade, no caso de persoas xurídicas e sempre que esa información non fose presentada con anterioridade.».

Debe dicir: «III) Comunicación de inicio de actividade de planta móbil (MT201C). A documentación necesaria para a tramitación deste procedemento é a que se especifica no anexo III da presente orde, isto é:

- Memoria de medidas protectoras e correctoras do lugar da instalación.
- Certificados de destino dos residuos e/ou información de destino dos produtos.
- Documento ambiental, naqueles casos en que o exixa a lexislación vixente en materia de avaliación ambiental.
- Acreditación da representación legal da entidade, no caso de persoas xurídicas e sempre que esa información non fose presentada con anterioridade».

Na páxina 37746, artigo 9, epígrafe XX, onde di:

«XX. Memoria ambiental. Procedemento atribuído á dirección xeral con competencia en materia de avaliación ambiental, a que están obrigadas as entidades locais, no cal,



conforme o artigo 19.3 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a solicitude deberá resolverse no prazo de tres meses tras a recepción da documentación completa. O sentido do silencio será positivo, tal e como establece o artigo 85.5 parágrafo 3º da derogada Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicable aos procedementos iniciados antes do 12 de decembro de 2014, segundo a disposición transitoria 1ª da Lei 21/2013, de xeito que, se transcorre o prazo para elaborar a memoria ambiental sen que tivese sido comunicado ao órgano promotor, se entenderá aceptada a proposta de memoria ambiental enviada ao órgano ambiental e se poderá continuar a tramitación do plan.».

Debe dicir: «XX. Memoria ambiental. Procedemento atribuído á dirección xeral con competencia en materia de avaliación ambiental, a que están obrigadas as entidades locais, no cal, conforme o artigo 85.5 da derogada Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a súa solicitude deberá resolverse no prazo de dous meses desde a recepción da documentación completa; así mesmo, o sentido do silencio será positivo, tal e como establece o parágrafo 3º do dito artigo, aplicable para os procedementos iniciados antes do 12 de decembro de 2014, segundo a disposición transitoria 1ª da Lei 21/2013, de xeito que se transcorre o prazo para elaborar a memoria ambiental sen que fose comunicado ao órgano promotor, entenderase aceptada a proposta de memoria ambiental enviada ao órgano ambiental e poderase continuar a tramitación do plan».

Na páxina 37752, artigo 9, epígrafe XXXV, onde di:

«XXXV. Inspección ambiental. Procedemento competencia da subdirección xeral que ten atribuída a actividade de control, seguimento e inspección ambiental, pertencente á dirección xeral con competencia en materia de calidade ambiental, non suxeito a resolución e, por tanto, sen prazo para resolver, que se aplica ás instalacións que teñan sido obxecto de inspeccións ambientais realizadas no marco dos plans e programas da Inspección Ambiental de Galicia».

Debe dicir: «XXXV. Inspección ambiental. Procedemento competencia da subdirección xeral que ten atribuída a actividade de control, seguimento e inspección ambiental, pertencente á dirección xeral con competencia en materia de calidade ambiental e, de ser o caso, da xefatura territorial correspondente da consellería competente en materia de ambiente; non suxeito a resolución e, por tanto, sen prazo para resolver, que se aplica ás instalacións que fosen obxecto de inspeccións ambientais realizadas no marco dos plans e programas da Inspección Ambiental de Galicia».

